

Dirección: Cándido Pazó

# XARDÍN SUSPENSO

de Abel Neves

CÉSAR CAMBEIRO \* MELANIA CRUZ  
ROCÍO GONZÁLEZ \* LUISA MERELAS  
SANTI ROMAY \* ANA SANTOS

Dossier de prensa

Centro Dramático Galego  
Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 581 111  
[centro.dramatico.galego@xunta.es](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.es)  
[www.centrodramatico.org](http://www.centrodramatico.org)  
[blogs.xunta.es/xardinsuspenso](http://blogs.xunta.es/xardinsuspenso)  
[www.facebook.com/cdg.salonteatro](http://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

Comunicación. AGADIC  
Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 881 996 073 / 092  
[prensa.agadic@xunta.es](mailto:prensa.agadic@xunta.es)  
[www.agadic.info](http://www.agadic.info)  
[www.facebook.com/agadic](http://www.facebook.com/agadic)



Dirección: Cándido Pazó

# XARDÍN SUSPENSO

de Abel Neves



# ÍNDICE





1. Presentación
2. A produción
3. Ficha artística
4. Funcións
5. A obra
6. Sinopse
7. Abel Neves, o autor
8. Cándido Pazó, o director
9. Elenco
  - 9.1. César Cambeiro
  - 9.2. Melania Cruz
  - 9.3. Rocío González
  - 9.4. Luísa Merelas
  - 9.5. Santi Romay
  - 9.6. Ana Santos
10. Multimedia



# Presentación

Afondando nas liñas de diálogo creativo e complicitades estratéxicas co ámbito da escena lusófona, o Centro Dramático Galego (CDG) e o Teatro Nacional D. Maria II (TNDM II) de Lisboa estableceron un marco de acordo institucional para o intercambio de autores propios.

Así, o TNDM II comprometéase a estrear no mes de maio de 2015, na sala Garrett, o texto do autor galego Roberto Vidal Bolaño *Saxo Tenor*, baixo a dirección escénica de José Martins. En contrapartida, o CDG estreará, no Salón Teatro, o texto do dramaturgo portugués Abel Neves *Xardín suspenso*, no mes de marzo de 2015.

Ademais, en virtude deste marco de traballo, o espectáculo portugués escenificarase no Teatro Principal de Santiago os días 29 e 30 de maio e, á súa vez, a sala Garrett de Lisboa acollerá a posta en escena da montaxe do CDG do 28 ao 31 do mesmo mes.

*Xardín suspenso* gañou en 2009 a terceira edición do concurso teatral máis importante da lusofonía: o Prémio Luso-Brasileiro de Dramaturgia António José da Silva, unha iniciativa conxunta do Instituto Camões de Portugal e da Fundação Nacional de Artes – Funarte de Brasil. Xunto coa publicación do libro, esta distinción levaba consigo a posta en escena do texto nunha coprodución luso-brasileira. O espectáculo estreouse no TNDM II en abril de 2010 coa dirección escénica de Alfredo Brissos.

A decisión de escoller esta peza, dentro da ampla produción de Abel Neves, ten, por tanto, un valor engadido, en canto representa unha posta en común entre dous teatros nacionais a partir dun mesmo texto. Aspecto este que amplifica o valor do diálogo institucional.

Abel Neves é hoxe un dos dramaturgos máis respectados no panorama da escrita escénica portuguesa, cunha longa traxectoria chea de distincións e recoñecementos. Deste xeito, a incorporación deste autor ao repertorio do CDG representa unha proposta de lexítimo equilibrio con respecto ao autor galego escollido por parte do TNDM II: Roberto Vidal Bolaño.

O alcance estratéxico desta iniciativa non fai falta enfatizalo. Pero convén subliñar que se trata da primeira vez na historia do CDG e do TNDM II que se pon en marcha unha iniciativa desta envergadura.

# A produción



## Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego (CDG) comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega. Desde xuño de 2008, o CDG forma parte da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), entidade enmarcada na estrutura da actual Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria..





Nestes 31 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico da Agadic (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestiario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

# Ficha artística

Autoría  
Dirección  
Producción

Abel Neves  
Cándido Pazó  
Centro Dramático Galego

## ELENCO

César Cambeiro  
Melania Cruz  
Rocío González  
Luisa Merelas  
Santi Romay  
Ana Santos

*Alberto*  
*Lucía*  
*Paula*  
*Mariana*  
*Mateo*  
*Lucinda*



**EQUIPO ARTÍSTICO****Escenografía e figurinismo****Composición musical****Iluminación****Maquillaxe****Producción****Asistente de dirección****Versión galega****Caderno pedagóxico****Fotografía****Fotografía do cartel****Prensa****Deseño gráfico e comunicación**

Carlos Alonso

Manuel Riveiro

Afonso Castro

Martina Cambeiro

Fran Veiga

Belén Pichel

Cándido Pazó e Manuel Guede Oliva

Afonso Becerra de Becerreá

Miguel Fernández

Graciela Vilagudín

Ana Rosales, Ana Miragaya (Comunicación Agadic)

Trisquelia



# Funcións



## Santiago de Compostela

### Marzo / abril

Salón Teatro: do 13 ao 29 de marzo de 2015

**Estrea:** venres 13, ás 21:00 h

Funcións xerais (venres, sábados e domingos)

sábados 14, 21 e 28, ás 20:30 h

domingos 15, 22 e 29, ás 18:00 h

Funcións escolares (mércores e xoves)

mércores 18 e 25, ás 11:00 h

xoves 19 e 26, ás 11:00 h

#### Venda de entradas

As entradas para asistir ás funcións de *Xardín suspenso* no Salón Teatro de Santiago (Rúa Nova, 34) están á venda anticipada no despacho de billetes do Teatro Principal (Rúa Nova, 21), aberto de 18:00 a 21:00 h. No Salón Teatro poranse á venda os días de función, desde dúas horas antes do comezo. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web <http://entradas.abanca.com>.

O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados) e de 5 euros o domingo, día do espectador.

As funcións en Compostela de *Xardín suspenso* están inseridas no Bono de Teatro Galego e Portugués, que pode adquirirse nos devanditos despachos de billetes ao prezo de 35 euros para un total de 5 espectáculos.

# Xira

## Abril

### **NARÓN**

Pazo da Cultura, sábado 11, ás 20:00 h

### **O BARCO DE VALDEORRAS**

Teatro Lauro Olmo, venres 17, ás 21:00 h

### **A ESTRADA**

Teatro Principal, venres 24, ás 21:00 h

### **PONTEVEDRA**

Auditorio Sede Afundación Pontevedra, mércores 29, ás 20:30 h

## Maio

### **VIGO**

Teatro Afundación Vigo, mércores 6, ás 20:30 h

### **TUI**

Teatro Municipal, venres 8, ás 21:30 h

### **RIANXO**

Auditorio Municipal, venres 15, ás 21:00 h

### **OURENSE**

Teatro Principal, sábado 16 e domingo 17, ás 20:30 h  
luns 18, ás 11:00 h (función escolar)

### **A CORUÑA**

Teatro Rosalía Castro, venres 22, ás 21:00 h

### **LISBOA**

Teatro Nacional D. Maria II (Sala Garrett), xoves 28, venres 29, sábado 30,  
ás 21:00 h; domingo 31, ás 16:00 h

# A obra

En *Xardín suspenso*, Abel Neves asina un texto aparentemente simple, pero que adquire unha enorme complexidade, pois é unha historia da nosa condición humana. Ata onde pode levar a constancia e a fidelidade absoluta a unha promesa de amor incumprida?

Abel Neves indaga nas relacións familiares e no microcosmos no que se sostén a nosa (in)felicidade e proponnos un xogo de enigmas respecto ao que lle acontece a Lucía, o personaxe principal en torno a quen xira a acción da obra.

Lucía aínda vive na casa dos pais, Lucinda e Alberto. Na antiga horta da casa é onde a moza arquitecta dispón un xardín zen, un espazo minimalista, desprovisto de prantas e árbores, concibido para gozar del desde a contemplación. Na inauguración do xardín, Mateo anuncia o seu casamento coa súa noiva Paula, crebando así unha promesa secreta, que viña case da infancia, cando lle xurou a Lucía que nunca saíría da casa e que sempre estaría ao seu carón.

Rota a promesa e crebada a ilusión, Lucía decide deixar de comer para non vivir máis. Toda a familia afánase en intentar comprender o que lle pasa á moza, pero ela fica suspendida nos seus abismos interiores, nesa zona neboenta entre o inconsciente e os sentimentos, alén da vontade.

En *Xardín suspenso* ficamos suspendidos de todos os intentos que o resto das persoas implicadas fan para axudar a Lucía a saír do buraco que creou. Todos eles, malia que o intentan, non acaban de acomodarse a ese xardín zen. Cústalles entender a filosofía que envol-



ve ese tipo de xardín, igual que non acaban de entender a Lucía. Todos, agás a avoa Mariana, a única que esclarece o enigma e a única a quen Lucía deixa que a protexa e agarime.

En *Xardín suspenso*, as emocións e os afectos están suspensos en momentos nos que a acción se sente e as palabras se adiviñan. Abel Neves confróntanos co poder das palabras simples, esas que xorden case sen nos decatarmos e que á mínima fenda, ou ante unha circunstancia ocasionalmente máis desprotexida, acaban por ser letais. Palabras que, de súpeto, xa non serven pois xa non hai ninguén que as poida oír.

Odio, amor, rabia, frustración, impotencia, medo, dúbida... son algunhas das emocións que desfilan por este xardín xaponés que, construído como un refuxio, vira nun labirinto onde se confrontan os personaxes, contraponendo razóns e emocións que descoñecen ou non entenden, nun diálogo de xordos.



# Sinopse





Ata onde pode levar a fidelidade a un amor que non é correspondido? Lucía, nova arquitecta, non desiste da súa fidelidade. Concibiu un xardín despexado, composto tan só por fina area ben alisada e unhas poucas pedras, na antiga horta da casa dos seus pais, o fogar que abandonou en tres ocasións e ao que regresou sempre a petición de Mateo, o seu amor imposible e con quen, sen ser o seu irmán de sangue, creceu desde a infancia. É a el a quen Lucía lle dedica este xardín zen que a familia se dispón a inaugurar cando Mateo anuncia que vai casar con outra muller, Paula.

A partir dese momento, Lucía desiste de comer; decide abandonarse disolvéndose na vida por inacción. Nunha espiral de dor, desleixo e baleiro péchase os outros. Ignorando os seus sentimentos, a familia intenta comprender o enigma. Mariana, a avoa, resolveu o misterio desde moi cedo. Coa sabedoría que propicia a idade, aconsella ao fillo: "Se oímos ben, respiramos mellor". Pero na casa, ninguén a escoita. Mais a vida continúa e o xardín... suspenso.





# Abel NEVES

## O autor

Poeta, romancista, ensaísta e, sobre todo, prolífico dramaturgo, Abel Neves está considerado un dos nomes máis relevantes da dramaturxia portuguesa contemporánea.

A súa abundante produción abrangue máis de 30 pezas teatrais publicadas e escenificadas como *Anákis*, *Amadis*, *Touro*, *Terra*, *Medusa*, *Amo-te*, *Atlântico*, *Finisterrae*, *Arbor Mater*, *Lobo-Wolf*, *El Gringo*, *Inter-Rail*, *Supernova*, *Fénix* e *Kota-Kota*, *A Caminho do Oeste*, *Amor-Perfeito*, *Olhando o céu estou em todos os séculos*, *Provavelmente uma pessoa*, *Este Oeste Éden*, *Qaribó*, *Ubelhas- Mutantes e Transumantes*, *Vulcão*, *Querido Che*, *A visita*, *A mãe e o urso*, *Sallon Yé-Yé*, *Vulcão*, *Flor e Cinza*, *Clube dos pesimistas* ou *Atlântica*.

Malia que *Além as estrelas são a nossa casa* e *Nunca estive em Bagdad* son, sen dúbida, os seus textos máis representados, recentemente tivo a oportunidade de ver sobre as táboas as súas obras *Jardim suspenso* (estreada polo Teatro Nacional D. Maria II tras recibir en 2009 o prestixioso Prémio Luso-Brasileiro de Dramaturgia António José da Silva), *Flores para mim* (a cargo de Teatro Meridional, 2011) e *Sabe Deus pintar o Diabo* (pola que a Companhia de Teatro de Braga recibiu da Sociedade Portuguesa de Autores o Premio Autores 2014 ao mellor texto portugués representado en 2013).

Ademais cultivou xéneros como a poesía (*Eis o Amor a Fame e a Morte* e *Quasi Stellar*), a novela (*Asas para que vos quero*, *Sentimental*, *Precioso*, *Cornos da Fonte Fria*, *Lisboa aos seus amores (Felizes e Aliança)*, entre outras) e o ensaio teatral (*Algueres entre a resposta e a interrogação*). A súa obra, traducida a multitude de idiomas, foi publicada ou representada en Alemaña, Brasil, Escocia, España, Francia, Luxemburgo, Hungría e Romanía.



# O director

Autor, director de escena, narrador oral e actor, comeza a súa actividade profesional en 1975. Vincúlase ao nacente movemento teatral de Vigo e de Galicia, sendo un dos “benxamíns” das xeracións xurdidas arredor dos primeiros encontros da histórica *Mostra* de Ribadavia. Membro fundador da compañía A Farándula, traballa en todos os seus espectáculos ata a disolución da agrupación viguesa en 1983.

Complementa o seu autodidactismo cunha formación fragmentaria na que cabe destacar o seu contacto parisiense con Philippe Gaulier, que marca claramente a súa poética e o seu concepto da posta en escena e a dirección de actores.

Logo dunha etapa de actor ou axudante de dirección en diversas compañías e no CDG, debuta como autor e director de escena con *O melro branco* (Premio Xeración Nós de Teatro Infantil, 1989), peza representada pola súa compañía Tranvía Teatro. A partir de entón, escribe, dirixe ou fai adaptacións para varias compañías, especialmente Ollomoltranvía (resultado da fusión da súa compañía con Ollomol en 1993) pero tamén en Teatro do Malbarate, Teatro do Xalgarete, Títeres Tanxarina, Teatro do Noroeste, Teatro do Atlántico, Talía Teatro, o CDG ou Teatro de Adro.

Entre outros dos moitos espectáculos dos que foi autor ou director escénico destacan: *Commedia, un xoguete para Goldoni* (espectáculo de *commedia dell'arte* que recibe o premio Compostela 1993 ao mellor espectáculo, dirección e actor protagonista); *Raiñas de pedra*; *Nau de amores*, espectáculo montado a partir de textos de dezaseis obras de Gil Vicente e producida polo CDG; *Nano*, monólogo a partir de textos da novela *Tic Tac* de Suso de Toro, (Premio María Casares 1998 á mellor adaptación, dirección e actor protagonista); *O bululú do linier* (Premio María Casares 2000 ao mellor texto orixinal); *ÑikiÑaque* (Premio Max 2002 ao mellor texto orixinal en galego); *Binomio de Newton*; *Bicos con lingua*, escrito con outros autores (Premio María Casares 2004 ao mellor texto orixinal); *García* (Premio María Casares 2006 ao mellor texto orixinal); *Emigrados* (Premio Max 2008 ao mellor texto orixinal en galego); *A piragua* (producido polo CDG e Premio María Casares 2008 ao mellor texto orixinal); ou *E ti quen vés sendo?*

En 2008 fundou a compañía Abrapalabra Creacións Escénicas para presentar os espectáculos que el mesmo escribe, dirixe ou protagoniza, e coas que puxo en escena *Memoria das Memorias dun neno labrego* —adaptación do mítico libro de Xosé Neira Vilas para celebrar o 50 aniversario da súa primeira publicación—, *Decamerón* ou *As do peixe* (Premio María Casares 2014 ao mellor texto orixinal).

Formou parte dos dramaturgos europeos seleccionados para participaren no Maratón Europeo da Creación Teatral, dentro do programa de actividades da Capitalidade Cultural Europea de Bruxelas 2000, experiencia en que escribiu *O último roedor* (peza estreada pola compañía belga *Canadair*, baixo a dirección de Alain Wathieu).

Traballou tamén como guionista para series de televisión, como *Pratos Combinados* ou *Mareas vivas*, entre outras. No campo da narración oral, alén das súas constantes actuacións en locais especializados, ten participado en numerosas programacións e festivais de Europa, África e América Latina.

Vén de recibir o Premio de Honra da Mostra Internacional de Ribadavia 2014 (Premio "Roberto Vidal Bolaño") pola súa traxectoria e o Premio da Cultura Galega no apartado de artes escénicas, outorgado pola Xunta de Galicia.

A portrait of a middle-aged man with grey hair, smiling, wearing a grey suit, white shirt, and patterned tie. He is seated, and a decorative branch is visible on the left side of the frame. The background is dark.

Elenco

Alberto

César

Cambeiro

Actor de teatro, cine e televisión, inicia a súa actividade profesional nos anos 80 dentro do grupo de títeres e de teatro infantil Petón da Fox (*O tesouro da Raíña Lupa* e *Pallasín Pallasete*) e do grupo Bimbau (*O cabaleiro inexistente*). Tras ser membro fundador de Teatro do Adro e poñer en escena a montaxe *Petición de man* (1994), sobe aos escenarios con diversas compañía teatrais como A. T. Coruñesa, Teatro do Atlántico, Traslús ou Os Quintilláns nas obras *El puñal del godo* (1995), *Don Juan Tenorio* (1995), *A noite dos Tríbades* (1996), *Flores de papel* (1997), *Medianoite* (1999), *Gulliver* (2000), *O divertimento do Rei* (2005) ou *García* (2005). Interveu tamén nas producións *Esperando a Godot* (1999), *Servidor de dous amos* (2004), *O avaro* (2006), *Naúfragos* (2008) e *Cyrano* (2014), de Teatro Galileo, así como en *Unha hora de vida de Stefan Sweig* (2011), de Lagarta Lagarta, *Azos de esguello* (2013), de Espello Cóncavo, ou *O xardín das pernas roubadas* (2013), de La Tuerca 27.

Para o CDG interveu en seis das súas producións: *Os vellos non deben namorarse* (2000), *A cacatúa ver-*

*de* (2001), *Rosalía* (2001), *Daquel Abrente: Laudamuco*. *Señor de Ningures* (2003), *A boa persoa de Sezuán* (2008) e *As actas escuras* (2009).

No ámbito televisivo está unha das súas principais áreas de traballo, pois actuou nas teleseries *Pratos combinados*, *Un mundo de historias*, *Mareas vivas*, *Galicia Express*, *Pequeno Hotel*, *Rías Baixas*, *Terra de Miranda*, *La Atlántica*, *As leis de Celavella*, *Música secreta*, *Pataghorobí*, *O bosque que levas*, *Valderrei*, *Matalobos* ou *Padre Casares*. Tamén tivo roles episódicos en series de canles privadas españolas como *El comisario*, *Policías*, *Periodistas*, *Piratas* ou *Cuéntame como pasó*.

En cine, participou nos filmes *Lobos sucios* (2014), *Todo es silencio* (2011), *Sinbad* (2011), *La condesa rebelde* (2011), *La noche que dejó de llover* (2007), *El menor de los males* (2006), *Siete mesas* (2006), *Adeus Estrada* (2006), *De Bares* (2005), *Heroína* (2004), *Mar adentro* (2003), *Los lunes al sol* (2001) e *llegal* (2001).

“

*Tanta conta que un pon co que di, co que fai, tantos coidados para facermos a vida máis boa de levar, máis apetecida, tanta xentiña a pasar fame e que sería capaz de se matar por conseguir unhas migallas do que ti desprezas e aí estás, a pasmar, mirando para unhas pedras, cada día máis fraca, máis ensumida, e sen que ninguén poida arrincarte desta merda de xardín! Sen que ninguén entenda polo menos que demo che pasou para acabares nese estado! Se é unha brincadeira, é de moi mal gusto e non penso tolerala! Levamos... xa non sei canto tempo aturando esta trangallada. O Mateo vai casar de aquí a tres días e ti o único que sabes facer é beber auga de vez en cando e estares aí, coa vista perdida, a mirar para o infinito, para o vacío ou... eu que raio sei! Xa me dixo a túa avoa que lle tiñas falado do vacío. O vacío!*



A portrait of a woman with long, dark, wavy hair, smiling warmly at the camera. She is wearing a light-colored, textured cardigan over a white lace-up top. Her hands are clasped in her lap. The background is dark with some wooden elements.

Lucía

Melania

Cruz



Titulada Superior en Arte Dramática (2012) pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia de Galicia (ESAD), é ademais Máster en Artes Escénicas, itinerario de Pedagogía e Animación Teatral (2014) pola Universidade de Vigo e diplomada en Maxisterio, especialidade Lingua Estranxeira – Inglés (2008) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Interésase desde moi nova polo teatro afecionado da súa cidade e dá o paso ao mundo da interpretación da man de Marga Portomeñe. Fórmase na aula Universitaria da USC Campus de Lugo, durante cinco anos baixo a dirección de Paloma Lugilde e Quico Cadaval, asistindo tamén a diversos obradoiros impartidos por profesionais como Vicente Fuentes, Isabel Úbeda, Fernando Soto, Manuel Lourenzo ou Ánxeles Cuña. Finalmente, decide especializarse en Interpretación Textual na ESAD de Galicia. Continúa o seu constante proceso de formación en cursos de teatro e danza con Jeremy James, Eduardo Vasco, Ignacio García, Núria


Inglada e Patricia Varela, e afonda na técnica oral con Cristina Domínguez e textual (prosa e verso) con Ermel Morales.

Como actriz profesional, está vinculada a Escénate desde 2009 (*Lugo del Alma Romana*, *Lugo Cidade 10*, *Xeración Nós*, *A fala das pedras*) e a Teatro de Adro, onde coprotagoniza con Josito Porto *Ai*, *Carmela!* (2010-2012). En 2012 funda, xunto a catro compañeiros, a compañía ilMaquinario Teatro, coa que protagoniza *El Hombre Almohada*; comeza a impartir docencia como profesora substituta na ESAD e dirixe o grupo de Teatro Muxicas da ONCE.

Actúa con 611 Teatro en *Os que non puideron fuxir* (2013) e interpreta a Jacqueline nunha adaptación de *Inventarios* de Philippe Minyana baixo a dirección de Cristina Domínguez (2013). En 2014 interpreta o personaxe de Raxada no filme *A Esmorga*, dirixido por Ignacio Vilar, e estrea *Perplexo* con ilMaquinario Teatro.

“

*Xa debía ter xuízo, é o que todos din, mais teño que facer un esforzo para vivir, non si?, e para vivir preciso de ti. Non hai nada que facer. Sempre foi así e vai continuar a ser. Pensabas que eu me esquecera da promesa que fixeches, mais que lle imos facer?, non me esquecín. Sei como vai ser a miña vida. O xardín era para nós, lémbreste que unha vez che dixen que ía facer un xardín para nós? Non te lembras, non te queres lembrar, non pasa nada. E eles non teñen porque saber que eu fixen isto para nós. Hai quen fai igrexas, templos, hai quen non fai nada. Son tan estúpida.*





“

*Non queres falar. Entón non sei que estou a facer aquí. Déixoche os biscoitos e voume. Sen problemas. Tanto me dá que queiras falar ou non. A túa vida é túa, e fas con ela o que queiras, pero, creo que che teño que dicir unha cousa. (...) Só che vou dicir unha cousa máis, que pode que che axude. É unha estupidez morrer así. Durante uns días trataremos de entender que foi realmente o que che pasou. E despois esqueceremos. Non vale a pena.*

Paula

# Rocío González

Como actriz teatral, traballou nas montaxes *Coitelos nas galiñas* (2001), *O canto do Dime-Dime* (2003), *O tío Vania* (2005) e *Castronós, o baile* (2007), todas elas postas en escena por A Factoría Teatro, compañía coa que actuou no espectáculo para público infantil *Lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña* (2004), ademais de desenvolver tarefas de axudante de dirección en *As presidentas* (2000) e *Os homes só contan até tres* (2005).

Tamén traballou nas montaxes do Centro Dramático Galego: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (2004) de Carlos Casares, *O regreso ao deserto* (2006) de Bernard Marie Koltés e *A boa persoa de Sezuán* (2008) de Bertolt Brecht, así como noutras compañías galegas como *A Contrabutaca (Robin Hood)*, 2007), *Lagarta Lagarta (Casting, a comedia)*, 2010), *Teatro de Ningures (0,7% Molotov)*, 2011), *Eme2 (Kafka e a boneca viaxeira)*, 2012, *O príncipe e o*

*parrulo*, 2013 e *Meu ben*, 2014) e *Abrapalabra (As do Peixe)*, 2013).

Rocío González ten intervido, ademais, en diferentes *performances* —*Me gusta que me lo hagas* (Espacio Aberto, 2001)—, lecturas dramatizadas, na curtametraxe *Canción sen emoción* (2008) e nas series de televisión *Terra de Miranda*, *A vida por diante*, *Mar Libre* e *Luci*.

A súa formación teatral centrouse na interpretación e no traballo corporal como alumna da Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto de Santiago, onde asistiu tamén a cursos especializados impartidos por Mónica Valenciano (*Los cinco sentidos en movimiento*), Carlos Neira (acción contemporánea), Osvaldo Bermúdez (acrobacia), Manuel García (teoría teatral) e Cristina Domínguez (técnica vocal), entre outros.





Mariana

Luisa

Merelas



“

Vós, todos. A todos vos viña ben oír máis música. Oír, comprendes? Fechar a boca e abrir os oídos todo o que dean. Abrir... abrir... abrir... deixar entrar os sons. Unha preguntinha, meu fillo: a día de hoxe, cantas veces te paraches a oír? Sentar, como eu estou agora, e simplemente iso, oír... sen pensar en máis nada. Oír... É tan necesario saber oír. Hai xente que nin se dá conta de que aínda hai árbores e que nas árbores hai paxaros e que os paxaros cantan. E as follas! Dime, sinceramente: algunha vez te sentaches como agora, só para oír calquera cousa? Se oímos ben, respiramos mellor.

Actriz de teatro, cine e televisión, Luisa Merelas posúe unha recoñecida traxectoria profesional que principiou en 1970 co espectáculo *A pobriña que está xorda* de Teatro Circo, grupo co que tamén actuaría en *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1973), *Zardigot* (1974), *Macbeth* (1975), *Romance* (1975), *Montaxe Teatro Circo* (1977) e *Os vellos non deben de namorarse* (1977).

Entre os seus numerosos papeis escénicos, destacan igualmente os desenvolvidos para a Escola Dramática Galega en *A benfadada historia do coitado Bamboliñas* (1978), *Muller de mulleres* (1978) e *A noite vai coma un río* (1979), así como para a Compañía Luís Seoane en *As criadas* (1980), *A casa das tres lúas* (1981), *A esperar por Godot* (1982), *Edipo Rei* (1983), *Fausto* (1984) e *O rei aborrecido* (1985).

Ten traballado noutras nove producións do CDG —*Caderno de Bitácora* (1985), *As tres irmás* (1987), *A casa dos afogados* (1989), *Valle-Inclán 98* (1998), *Os vellos no deben de namorarse* (1999), *Espectros* (2002), *Ricardo III* (2005), *O regreso ao deserto* (2006) e *Longa viaxe cara á noite* (2014)— e en diferentes espectáculos de Teatro do Atlántico (*Xoana*, 1985 e *E.R. (Algún día traballaremos xuntas)*, 2011), Teatro da Salamántiga (*Era unha vez*, 1988; e, como axudante de dirección de Manuel Areoso, en *Hai que desfácela casa*, 1997), EDGUvegá (*Electra*, 1994), Librescena (*Mourenza*, 1996), Espello Cóncavo (*As troianas*, 1998), Ancora Producións

(*Paso de cebra*, 2004) e a Compañía de Teatro de Braga (*O amor assassinado*, 2002). Nos últimos anos interpretou para a compañía Teatro do Morcego as montaxes *O burgués fidalgo* (2006), *O club da calceta* (2007) e *A función do tequila* (2012), así como *Ocaso Otero* (2007) para Teatro Manivela e *Na meta* (2009) para Ónfalo Teatro.

Canto ao audiovisual, participou, entre outros, nos filmes *O baile das ánimas* (1993) de Pedro Carvajal; *Entre bateas* (2001) de Jorge Coira; *Los lunes al sol* (2001) de Fernando León; *La promesa* (2002) de Héctor Carré; *El año de la garrapata* (2004) de Jorge Coira; *Siete mesas de billar francés* (2007) de Gracia Querejeta; *Abrígate* (2007) de Ramón Costafreda; *Vacas, porcós e zapatos de tacón* (2009) de Manuel Espiñeira; *Concepción Arenal, la visitadora de cárceles* (2012) de Laura Mañá; ou *Somos gente honrada* (2012) de Alejandro Marzoa. Tamén foi parte do elenco de *Terra de Miranda* ou *Matalobos* e colaborou noutros espazos da Televisión de Galicia, como *A familia Pita*, *Pratos combinados*, *Mareas vivas*, *Pequeno hotel*, *A vida por diante* e *O faro*, ademais de *Piratas* de Telecinco.

Recibiu dous premios María Casares por *A función do tequila* (mellor actriz secundaria 2013) e por *O regreso ao deserto* (mellor actriz protagonista 2007), ademais do premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva en 2007.



Mateo

# Santi Romay

“

*Apetéceme sacudirte. Traerte á realidade. Porque estás metida nun buraco que non é real. Inventaches un puto buraco, metícheche nel e agora non queres saír. Pero tes que saír, Lucía. Nós estamos a darche a man para que saías desa merda. Só tes que pensar que aquí se está mellor do que aí. Inventaches un buraco e o buraco comeza a ser real. Vaste perder nel. E nós non queremos que pase iso. Queres perderte, Lucía? Estamos vivindo unha situación absurda só por esa túa decisión de non querer comer. Que queres que faga eu? A nosa historia chegou ao seu final. Aquel tempo pasou, Lucía. Tes que te esforzar por vivir un tempo novo, non para morrer coa lembranza dun que xa foi.*

Titulado en Pedagogía Teatral pola Universidade da Coruña (UDC), comezou a súa carreira televisiva desde moi novo interpretando o papel de Fito durante toda a emisión da serie *Mareas vivas* (1998-2002). A partir de entón, ten traballado ininterrompidamente en diversas producións da Televisión de Galicia, como *As leis de Celavella*, *Miña sogra e máis eu*, *Rías Baixas*, *Os Atlánticos*, *O Nordés*, *Matalobos* ou *Casa Miranda*.

En cine é coñecido principalmente pola súa participación nas películas *Vilamor* (2011) de Ignacio Vilar, *Persoal Movie* (2011) de Hector Carré, *Somos gente honrada* (2011) de Alejandro Marzoa ou *Blockbuster* (2013) de Tirso Caleiro. Tamén interveu en diversas curtametraxes como *Go'el* (2007) ou *La zapatilla* (2006) e protagoniza a *webserie Clases de lo social*, de Pablo Cacheda.

Canto o teatro, sobe por primeira vez ás táboas dun escenario con tan só oito anos de idade grazas á es-

cola de teatro do seu Malpica natal. Desde aquela, entre todas as montaxes nas que actuou cómpre destacar o seu papel en *Un cranio furado* (2011) que lle valeu o Premio María Casares ao mellor actor secundario. Para Producións Teàtrais Excéntricas tamén puidemos velo de novo en *Da Vinci tiña razón* (2014), ambas as dúas ás ordes de Quico Cadaval.

Asemade, formou parte do elenco de *O país da comedia* (2002-2003), baixo a dirección escénica de Carlos Blanco, quen volveu contar con el para o seu programa de *late night Somos unha potencia*, emitido na canle autonómica en 2006.

Puxo en escena *Yepeto* (2006-2007) e *Pingueiras e Tarteiras* (2009), para Teatro del Andamio, así como *O xardín das pernas roubadas* (2013), para Tuerka Teatro.





Lucinda

Ana  
Santos





“

*Ten liberdade de máis. Todos temos liberdade de máis. A liberdade non debería chegar a estes extremos. Ten que haber algo para impedir que isto acabe en traxedia. Porque se ao final acaba, a traxedia non é dela. É nosa.*

Popularmente coñecida polo seu papel de Pitusa na serie de Televisión de Galicia *Mareas vivas* (entre 1998 e 2002), e polo de Elsa en *Padre Casares* (desde 2008), Ana Santos iniciou a súa actividade profesional como actriz de dobraxe en 1985 co nacemento da canle autonómica. Despois de diversos cursos de ortofonía, dicción, interpretación ou dramaturxia, fundou a súa propia compañía, Teatro Alba, coa que debutou en *As criadas* de Jean Genet (1996).

Desde entón seguiu traballando ininterrompidamente en teatro, con outras compañías como Espello Cóncavo, en *As Troianas* de Eurípides (1998) e *Zardigot* de Euloxio Ruibal (2007), ou Rara Avis Teatro en *Baby boom no paraíso* de Ana Istarú (2002) e compaxinando o seu labor interpretativo co de actriz de dobraxe.

Colabora de xeito habitual nas últimas montaxes de Teatro Galileo, baixo a dirección de Pedro Rubín: *Caprichos*, de Cervantes (2001); *Ruzzante* de Angelo Beolco (2002); *O médico á forza* de Molière (2003); *Servidor de dous amos* de C. Goldoni (2004); *O Divertimento do Rei* de Víctor Hugo (2005); *O Avaro* de Molière (2006); *Náufragos* de André Roussin (2008); *Sempre quixen bailar un tango* de Teresa González Costa (2010); *Desfeitos* de Febe Chaves (2012) e *Cyrano* de Edmond Rostand (2013).

Na pequena pantalla, ademais de actuar en *Padre Casares* e *Mareas vivas*, deu vida a Leocadia en *As leis de Celavella*, e interveu en *Libro de familia* (2006), *A vida por diante* (2006) e *O show dos Tonechos* (2007). Tamén participou na longametraxe *Heroína* (dir. Gerardo Herrero, 2005).

# Multimedia

**Dossier electrónico**

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/dossier\\_prensa.pdf](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/dossier_prensa.pdf)

**Fotografías**

© Miguel Fernández

[http://www.centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra74\\_xardinsuspenso](http://www.centrodramatico.org/cdg/novas/prensa/galeria.php?id=obra74_xardinsuspenso)

**Caderno pedagógico**

Autora: Afonso Becerra de Becerreá

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/caderno\\_pedagogico.pdf](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/caderno_pedagogico.pdf)

**Cortes de son**

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte\\_son\\_01.zip](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte_son_01.zip)

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte\\_son\\_02.zip](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte_son_02.zip)

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte\\_son\\_03.zip](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte_son_03.zip)

[http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte\\_son\\_04.zip](http://www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/xardinsuspenso/corte_son_04.zip)

**Blog**

<http://blogs.xunta.es/xardinsuspenso>

**Máis información**

<http://www.centrodramatico.org>





E tamén nas páxinas de Facebook:  
[www.facebook.com/cdg.salonteatro](http://www.facebook.com/cdg.salonteatro)  
[www.facebook.com/agadic](http://www.facebook.com/agadic)

